

Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SALCEDA DE CASELAS****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA  
E TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS**ANUNCIO*

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día o 26.02,2026, acordou aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas,cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local:

*ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DOS RESIDUOS  
MUNICIPAIS XERADOS NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

## TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Normativa aplicable

Artigo 3. Definicións

Artigo 4. Marco competencial e obrigas do Concello

Artigo 5. Obrigas das persoas produtoras de residuos

Artigo 6. Obrigas específicas para as persoas produtoras de residuos comerciais

Artigo 7. Prohibicións

Artigo 8. Axentes autorizados para a recollida de residuos

Artigo 9. Financiamento dos servizos de recollida e tratamento de residuos

## TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

## CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA

Artigo 10. Modalidades do servizo

## CAPÍTULO 2. RECOLLIDA ORDINARIA DE RESIDUOS

Artigo 11. Recollida separada dos residuos de envases (plástico, metal, madeira, briks etc.)



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

Artigo 12. Recollida separada de residuos de papel e cartón, incluídos os envases destes materiais

Artigo 13. Recollida separada de residuos de envases de vidro

Artigo 14: Xestión dos biorresiduos

Artigo 15. Recollida de residuos vexetais

Artigo 16. Recollida de residuos non incluídos nas fraccións selectivas (fracción resto)

Artigo 17. Recollida separada de residuos de medicamentos e dos seus envases

Artigo 18. Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores

Artigo 19. Recollida separada dos aceites de cociña usados

### CAPÍTULO 3. RECOLLIDAS ESPECIAIS DE RESIDUOS

Art. 20. Normas xerais

Artigo 21. Recollida separada dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Artigo 22. Recollida separada de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria

Artigo 23. Recollida de residuos voluminosos, mobles, colchóns e outros útiles de competencia municipal

Artigo 24. Recollida de vehículos abandonados

Artigo 25. Recollida separada dos residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar)

Artigo 26. Residuos de orixe doméstica con características perigosas

Artigo 27. Recollida separada en eventos públicos

### CAPITULO 4. PUNTOS LIMPOS DE PROXIMIDADE

Artigo 28. Residuos admisibles nos puntos limpos

Artigo 29. Persoas usuarias dos puntos limpos

### TÍTULO III : RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 30. Infraccións

Artigo 31. Infraccións leves

Artigo 32. Infraccións graves

Artigo 33. Infraccións moi graves

Artigo 34. Sancións

Artigo 35. Obriga de repoñer e multas coercitivas

Artigo 36. Prescrición de infraccións e sancións

### Título IV: COLABORACIÓN EN MATERIA DE MENORES E COMPETENCIA E PROCEDIMENTO SANCIONADOR



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

Artigo 37. Colaboración na execución de medidas xudiciais en materia de menores e recollida de residuos.

Artigo 38. Competencia e procedemento sancionador.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMERA. Habilitación de desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de recollida e tratamento de residuos municipais é unha das principais competencias atribuídas aos municipios na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e está directamente relacionado co dereito da cidadanía a gozar dun medio ambiente limpo e nas mellores condicións de salubridade posibles.

A lexislación específica de residuos, tanto na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular coma na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, outórganlle ás entidades locais as competencias de xestión dos residuos municipais.

Na elaboración desta ordenanza seguíronse as liñas estratéxicas recollidas na normativa comunitaria, estatal e autonómica, e no Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG), que establece as bases para impulsar a xestión de residuos municipais en Galicia cara a un novo escenario máis sostible acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa.

A elaboración desta ordenanza local pretende a adaptación da regulación municipal ao novo contexto normativo consonte a toda a regulación en materia de residuos municipais, para proporcionarlle ao Concello os instrumentos precisos que permitan acadar os obxectivos establecidos a nivel comunitario, estatal e autonómico.

Para acadar estes obxectivos, o Concello pretende involucrar a veciñanza na consecución dunha xestión sostible dos residuos xerados no municipio e introducir a obrigatoriedade da recollida separada das diferentes fraccións de residuos municipais e o tratamento a través da compostaxe dos biorresiduos; para evitar, así, a súa entrada nos circuitos de tratamento convencionais, á vez que se proporcionan, para iso, os medios precisos.

## TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto desta ordenanza é regular a xestión dos residuos municipais mediante a súa recollida, transporte e tratamento co fin de protexer a saúde humana e o medio ambiente.

Todas as persoas físicas ou xurídicas que depositen residuos nos medios, instalacións ou servizos habilitados para o efecto no termo municipal do Concello están obrigadas a



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

cumprir o disposto nesta ordenanza e nas normas que se diten para a súa interpretación ou desenvolvemento.

## Artigo 2. Normativa aplicable

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto nesta, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia, e na normativa europea de aplicación directa.

## Artigo 3. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por:

1. Biorresiduos: residuo biodegradable vexetal dos fogares, xardíns, parques e do sector servizos, así como residuos alimentarios e de cociña procedentes dos fogares, oficinas, restaurantes, venda por xunto, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda retalista, entre outros; e residuos comparables procedentes de plantas de transformación de alimentos.
2. Compostaxe comunitaria: xestión dos biorresiduos domésticos producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista nunha instalación común creada para o efecto, co fin de obter un recurso para a súa aplicación como emenda orgánica ou substrato de cultivo.
3. Compostaxe doméstica: xestión dos biorresiduos producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista e que se realiza individualmente para a utilización particular do compost resultante.
4. Estruturante: biorresiduos de orixe vexetal, preferentemente leñosos, triturados a un determinado tamaño, que, mesturados co resto de biorresiduos en proporcións axeitadas, permiten a circulación do aire a través da mestura, evitan a súa compactidade, achegan carbono e regulan a humidade.
5. Evento público: enténdense como tal as seguintes actividades:
  - a) Espectáculo público: evento que reúne un público que asiste para presenciar unha representación, actuación, exhibición ou proxección que ofrezca unha compañía, artista ou intérprete que interveña no seu nome.
  - b) Actividade recreativa e deportiva: a que reúne un público que asiste para participar na actividade ou recibir os servizos ofrecidos con fins de ocio, entretemento, diversión, deporte e actividade física.
  - c) Actividade sociocultural: aquela susceptible de xuntar ou concentrar un grupo de persoas coa finalidade de participar en actividades sociais e culturais. Exclúense as de carácter político ou reivindicativo, tales como manifestacións, mitins políticos ou similares.



6. Obra menor de construción ou reparación domiciliaria: obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precise de proxecto firmado por profesionais titulados.
7. Puntos limpos de proximidade ou minipuntos limpos: son instalacións fixas de pequenas dimensións situadas dentro da zona urbana e normalmente repartidas por áreas do municipio. Ofrecen un servizo de recollida máis próximo á cidadanía, normalmente para a achega de pequenos residuos perigosos domésticos.
8. Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.
9. Residuos domésticos: residuos perigosos e non perigosos xerados nos fogares, como consecuencia das actividades domésticas. Tamén se considerarán domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores, xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia desta, veñan da actividade do servizo ou industria.  
  
Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtiles, pilas, acumuladores, mobles, colchóns e outros útiles, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.  
  
Terán a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.
10. Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.
11. Residuos municipais:
  - a) Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.
  - b) Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos foren similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.
  - c) Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

12. Restos de poda: fracción vexetal en forma de restos vexetais de xardinería e poda de maior tamaño e de tipo leñoso. Polas súas características, require unha xestión específica por cuestións relacionadas coa loxística de recollida, o tratamento e a temporalidade de xeración.
13. Sistema de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP): sistema establecido polas persoas produtoras dun produto para facerse cargo das súas responsabilidades financeiras e organizativas na xestión dos residuos que xeran os seus produtos ao final da súa vida útil.

Para os conceptos non definidos expresamente neste artigo consideraranse as definicións incluídas na normativa vixente de residuos.

#### **Artigo 4. Marco competencial e obrigas do Concello**

O Concello realizará a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos, do xeito que se establece nesta ordenanza e de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica sobre residuos e sobre réxime local. Así mesmo, xestionará os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos de acordo ao previsto no artigo 20 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Quedan excluídos das competencias do Concello de Salceda de Caselas os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil e os residuos de construción e demolición.

Correspóndelle ao Concello o exercicio da potestade de vixilancia e inspección do cumprimento do disposto nesta ordenanza e a potestade sancionadora consonte ao establecido nela e no ámbito das súas competencias. Estas funcións serán realizadas por axentes da Policía Local, así como por persoal funcionario do Concello debidamente recoñecido que terá a consideración de axentes da autoridade, ou polo persoal do Servizo de Vixilancia Inspección e Control (SEVIC) da Deputación de Pontevedra.

#### **Artigo 5. Obrigas das persoas produtoras de residuos**

1. As persoas produtoras de residuos que sexan usuarias do servizo están obrigadas a:
  - a) Separar correctamente as distintas fraccións de residuos en orixe e depositalas nos contedores ou puntos de recollida establecidos.
  - b) No caso de atoparse os contedores cheos, deberan levar os residuos aos contedores máis próximos da fracción correspondente ou esperar ao baleirado.
  - c) Reducir o volume dos residuos e depositalos de tal xeito que se aproveite a capacidade dos contedores.



Mércores, 4 de marzo de 2026


Núm. 43

- d) Cumprir os horarios de depósito e entrega dos residuos.
  - e) Depositar os residuos e desperdicios xerados na vía pública ou en espazos públicos nas papeleiras ou nos colectores habilitados para o efecto. De non existir, deberán depositalos nos contedores ou lugares habilitados máis próximos, segundo o seu tipo e natureza.
  - f) Comunicarlle ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía pública ou demais espazos públicos.
2. As persoas produtoras ou posuidoras de residuos comerciais non perigosos non cubertos polo servizo de recollida de residuos municipais son responsables da súa correcta xestión e, para tal fin, deberán:
- a) Manter os citados residuos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres estean non seu poder.
  - b) Entregalos en condicións adecuadas de separación por fraccións a xestores autorizados de residuos ou a un recolledor rexistrado que garanta a súa entrega a un xestor autorizado, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
  - c) Dispoñer da documentación acreditativa da correcta recollida e xestión dos residuos.
3. As persoas produtoras ou posuidoras de residuos que non sexan de competencia local deberán xestionalos de acordo coa normativa vixente para cada tipo de residuo e acreditar documentalmente a dita xestión.
4. As persoas usuarias, produtoras ou posuidoras de residuos estarán obrigadas a prestar a máxima colaboración posible co persoal designado polo Concello para a súa xestión ou supervisión, de xeito que permitan realizar todos os exames, inspeccións, controis, toma de mostras e recollida de información, así como calquera outra actuación que se estime necesaria, para a adecuada xestión dos residuos no termo municipal.

## Artigo 6. Obrigas específicas para as persoas produtoras de residuos comerciais

Os comercios/servizos están obrigados a separar os residuos xerados como consecuencia da súa actividade e xestionalos segundo corresponda, ben:

- a) No caso dos residuos non perigosos similares en natureza e composición aos residuos domésticos, a depositalos nos medios habilitados polo Concello para cada fracción, segundo o establecido nesta ordenanza.
- b) No caso de residuos cuxas características dificultan a súa xestión, tanto pola súa composición como pola súa cantidade, o Concello poderá obrigar as persoas produtoras/posuidoras a que adopten medidas para eliminar ou reducir as ditas características ou, en casos debidamente motivados, poderá non aceptalos. Nestes casos, o Concello notificará este feito de xeito individualizado a cada produtor/a, quedando esta persoa obrigada a entregar os residuos a un xestor autorizado e acreditar a xestión documentalmente fronte ao Concello.
- c) Levalos aos puntos de recollida establecidos polos SRAP.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

- d) Devolver os envases suxeitos a depósito, devolución e retorno (SDDR) aos distribuidores ou SRAP, para cumprir coas condicións establecidas.
- e) Entregalos directamente a un xestor autorizado e dispoñer da documentación acreditativa da dita xestión.

### Artigo 7. Prohibicións

Non está permitido:

- a) O abandono, vertedura ou eliminación de residuos na vía pública ou calquera lugar do termo municipal non habilitado para tal fin.
- b) Mesturar residuos ou depositalos de forma distinta ás condicións establecidas nesta ordenanza.
- c) Entregarlle os residuos a un xestor non autorizado.
- d) Verter directamente residuos sólidos ou líquidos na rede de saneamento.
- e) Incinerar residuos, salvo aqueles que teñan a autorización debida polo órgano competente.
- f) Obstaculizar os contedores situados na vía pública de xeito que se dificulte a súa recollida.
- g) Manipular, verter, arrancar ou desprazar contedores, papeleiras ou calquera medio disposto para súa recolección, así como empregalos para fins distintos dos establecidos nesta ordenanza.
- h) Extraer, rebuscar ou retirar residuos unha vez postos a disposición dos servizos municipais.

### Artigo 8. Axentes autorizados para a recollida de residuos

Unicamente está facultado para realizar a recollida de residuos municipais o servizo ou os servizos autorizados polo Concello.

### Artigo 9. Financiamento dos servizos de recollida e tratamento de residuos

O financiamento dos servizos municipais previstos nesta ordenanza establecerase mediante a imposición dunha taxa que deberá ser específica, diferenciada e non deficitaria segundo o artigo 11 da Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e establecerase na correspondente ordenanza fiscal.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

## TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

### CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA

#### Artigo 10. Modalidades do servizo

Para os efectos do disposto nesta ordenanza, o servizo de xestión prestarase ao abeiro dalgunha das seguintes modalidades:

- Recollida ordinaria. O Concello levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais previamente depositados en contedores debidamente identificados para cada unha delas.
- Compostaxe domiciliaria e comunitaria, naqueles puntos autorizados pola entidade local.
- Recollida especial. Esta levaraa a cabo o Concello, unicamente no caso de que a persoa usuaria o solicite de forma expresa ou utilice os medios dispostos para tal acción (correo electrónico, teléfono, aplicación móbil etc.). Este servizo prestarase para a recollida dos seguintes residuos:
  - Mobles, colchóns e outros útiles.
  - Outros residuos que expresamente determine o Concello.

### CAPÍTULO 2. RECOLLIDA ORDINARIA DE RESIDUOS

Os residuos incluídos na recollida ordinaria realizada polo servizo municipal, deberán depositarse nos medios habilitados para cada fracción, tal e como se indica nos seguintes artigos.

Tamén poden ser depositados en contedores ou sistemas adicionais habilitados polos SRAP autorizados e nos sistemas habilitados para eventos públicos.

#### Artigo 11. Recollida separada dos residuos de envases (plástico, metal, madeira, briks etc.)

Con carácter xeral, os residuos de envases de plástico, de metal, de madeira así como os briks, deberán depositarse nos contedores da rúa dispostos para tal fin (comunmente identificados coa cor amarela).[1: Os propios envases indican a fracción ou contedor na que deben depositarse unha vez que se convierten en residuos.]

Os produtores destes residuos deberán baleirar o seu contido completamente, previo ao seu depósito, co obxecto de eliminar restos de alimentos ou de outras substancias.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**Artigo 12. Recollida separada de residuos de papel e cartón, incluídos os envases destes materiais**

Con carácter xeral, os residuos de papel e cartón deberán depositarse o máis encartados posible, nos contedores ou sistemas equivalentes dispostos para tal fin (comunmente identificados coa cor azul).

Deberase eliminar destes residuos todos os restos metálicos ou de plástico e depositaranse estes restos nos contedores específicos.

Cando o Concello preste o servizo de recollida de residuos de papel e cartón que teñan a consideración de residuos comerciais non perigosos, os produtores de residuos deberán depositalos na forma que expresamente determine o Concello. O depósito desta tipoloxía de residuo farase previo aviso ao Concello, que procederá á súa recollida no día estipulado.

**Artigo 13. Recollida separada de residuos de envases de vidro**

Con carácter xeral, o residuos de envases de vidro deberán depositarse nos contedores ou sistemas equivalentes dispostos para tal fin (comunmente en contedor/iglú identificado coa cor verde).

Esta tipoloxía de residuo só poderá depositarse ao longo do día, entre as 9:00 e as 22:00 horas, nos contedores específicos.

Os produtores destes residuos deberán baleirar o seu contido completamente, previo ao seu depósito, co obxecto de eliminar restos de alimentos ou doutras substancias.

Deberanse separar dos envases de vidro as tapas, tapóns, envoltorios e calquera outro elemento que se poida desbotar, depositando tales elementos nos contedores correspondentes.

**Artigo 14: Xestión dos biorresiduos**

Os biorresiduos deberán separase e tratarse en orixe mediante:

1. Compostaxe doméstica: neste caso o Concello de Salceda de Caselas facilitará a información precisa para levala a cabo e realizará seguimentos para garantir unha xestión adecuada.
2. Compostaxe comunitaria, nos centros de compostaxe comunitaria (CCC) dispostos ao longo do concello.

Os participantes no sistema de compostaxe comunitaria proposto polo Concello deberán:

- a) Separar correctamente os biorresiduos en orixe.
- b) Achegar os biorresiduos na unidade de compostaxe correspondente e tapalos co mesmo volume de estruturante, que o Concello terá dispoñible en cada centro.
- c) Comunicarlle ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de calquera incidencia asociada ao centro de compostaxe.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

- d) Os biorresiduos non poderán ser achegados aos centros con bolsas, aínda que estas sexan compostables, mentres o persoal técnico non considere admisible as bolsas de compostaxe.
3. O Concello de Salceda de Caselas poderá non aceptar, no sistema de compostaxe comunitaria, aqueles biorresiduos comerciais que pola súa composición, cantidade diaria excesiva, alto contido de humidade ou outras características, dificulten a súa xestión a través deste sistema. Se o motivo da exclusión fose a cantidade xerada por día, esta fundamentarase no límite máximo de produción diaria que determinaran os servizos técnicos municipais. De ser o caso, notificarase de xeito individualizado quedando o produtor de residuos obrigado a xestionalos por si mesmo ou entregalos a un xestor autorizado e a acreditar a xestión documentalmente ao Concello.

### Artigo 15. Recollida de residuos vexetais

Os residuos vexetais xerados nos fogares nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería deberán xestionarse dalgunha das formas seguintes:

- a) Mediante a súa entrega no punto de provisión
- b) Realizando o tratamento dos residuos por si mesmos mediante a compostaxe local (domiciliaria e comunitaria), con notificación previa ao Concello, cando corresponda, de maneira que computen as cantidades de biorresiduos xestionados mediante este método.

### Artigo 16. Recollida de residuos non incluídos nas fraccións selectivas (fracción resto)

Os residuos que non poidan separarse nalgunha das fraccións anteriores, ou que non sexan obxecto dunha recollida especial (Capítulo 3), deberán depositarse nos contedores ou sistemas equivalentes da fracción resto dispostos para tal fin.

Estes residuos entregaranse en bolsas impermeables suficientemente resistentes que impidan os derramamentos.

Co obxecto de evitar malos cheiros no centro urbano e nos núcleos de poboación, as bolsas depositaranse nos colectores entre as 20:00 e as 07:00 horas (desde o 1 abril ata o 31 outubro) e entre as 18:00 e as 07:00 (desde o 1 de novembro ata o 31 de marzo). Este horario poderá ser modificado en función das necesidades do servizo municipal e será comunicado á cidadanía a través do correspondente bando municipal ou outros medios habilitados para tal fin.

O servizo de recollida previsto por parroquia será o seguinte, podendo estar suxeito a cambios puntuais:

Entenza: luns, mércores e venres (zona Torrón), xoves.

San Xurxo: luns, martes, venres.

A Picoña: martes, venres.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

Parderrubias: martes, mércores, venres.

Soutelo: martes, xoves, sábado.

Budiño: martes, xoves, sábado.

Santa María:

- A Feira: luns, mércores, venres.
- O Barreiro: luns, martes, mércores, venres.
- Centro urbano: todos os días.

### **Artigo 17. Recollida separada de residuos de medicamentos e dos seus envases**

Os residuos de medicamentos e os seus envases serán entregados nos puntos de recollida SIGRE localizados nas farmacias.

### **Artigo 18. Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores**

Os residuos de pilas e acumuladores deberán depositarse de forma separada:

- a) Nas instalacións dos distribuidores, de acordo co establecido no artigo 10.2 do Real decreto 106/2008 sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos e posibles modificacións.
- b) Mediante calquera outro medio de recollida separada que aplique o Concello, e en todo caso nos centros culturais das parroquias, previo acordo cos mesmos.
- c) O Goberno local negociará, coas entidades veciñais de cadansúa parroquia, a colocación de contedores deste tipo de residuos.

### **Artigo 19. Recollida separada dos aceites de cociña usados**

Os aceites de cociña usados, xerados como consecuencia da actividade doméstica, depositaranse en envases de plástico pechados, dun máximo de 3 litros de capacidade, nos contedores identificados para tal fin ou entregaranse a xestores autorizados polo Concello. En todo caso o concello habilitará puntos estratéxicos en todas as parroquias .

O Goberno local negociará, coas entidades veciñais de cadansúa parroquia, a colocación de contedores deste tipo de residuo.

As persoas titulares de restaurantes, bares e outros servizos de restauración deberán dispor de contedores adecuados para o almacenamento dos aceites de cociña usados de maneira separada e entregalos a un xestor autorizado.

Está prohibido verter aceites de cociña usados na rede de saneamento.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**CAPÍTULO 3. RECOLLIDAS ESPECIAIS DE RESIDUOS****Art. 20. Normas xerais**

Os residuos incluídos na recollida especial realizada polo servizo municipal, deberán depositarse nos medios habilitados para cada fracción, tal e como se indica nos seguintes artigos.

Tamén poden ser depositados en contedores ou sistemas adicionais habilitados por SRAP autorizados, e en sistemas habilitados para eventos públicos.

En concreto, o Concello prestará o servizo para a recollida dos seguintes residuos:

- Mobles, colchóns e outros útiles
- Residuos perigosos domésticos
- Outros residuos que expresamente determine o Concello

A solicitude do servizo de recollida especial dos anteriores residuos deberá facerse telefonicamente ou por calquera das vías de comunicación que habilite o Concello.

As persoas usuarias deste servizo deberán depositar os residuos no lugar e na forma en que o Concello determine, respectando os días, horarios e calquera outra condición que se poida establecer.

Con carácter xeral, o servizo de recollida especial prestarase nas illas ecolóxicas ou puntos próximos, salvo que polas condicións de localización, distancia ou accesos se establezan outros medios de recollida.

- a) Recollida mediante o depósito de residuos por parte das persoas produtoras nos puntos limpos de proximidade, de acordo co establecido nesta ordenanza.
- b) Recollida a través dos puntos implantados polos SRAP.[2: Trátase de recollida nos puntos desenvolvidos por iniciativas dos SRAP (como por exemplo as recollidas de RAEE e pilas nos centros de distribución).]
- c) Recollida mediante iniciativas de carácter solidario, a través de entidades de protección social ou outras debidamente identificadas e rexistradas e autorizadas pola entidade local.
- d) No caso dos residuos domésticos con características de perigosidade ou de residuos con características especiais que dificultan a súa xestión ou poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, o Concello poderá impoñerlles ás súas persoas produtoras ou posuidoras algunha das seguintes obrigas:
  - Que adopten medidas para eliminar ou reducir tales características.
  - Que a recollida se faga con previa solicitude da persoa usuaria, no réxime de recollida especial regulado nesta ordenanza.
  - Que os depositen na forma e no lugar axeitados.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**Artigo 21. Recollida separada dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos**

Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán depositarse:

- a) Nas instalacións dos distribuidores, de acordo co establecido no artigo 22 do Real decreto 110/2015 sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- b) Mediante calquera outro medio de recollida separada que aplique o Concello (recollida baixo demanda).

**Artigo 22. Recollida separada de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria**

Os residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria deberán ser xestionados dalgunha das formas seguintes:

- a) As empresas contratistas deberán xestionalos a través de xestores autorizados para este fin.
- b) Mediante calquera outro medio de recollida separada que aplique o Concello

O Concello determinará a cantidade máxima que recollerá por mes/vivenda.

Os residuos de construción e demolición que conteñan amianto e/ou materiais perigosos deberán entregarse a xestores autorizados de acordo co que estableza a normativa sectorial correspondente.

**Artigo 23. Recollida de residuos voluminosos, de mobles, colchóns e outros útiles de competencia municipal**

Os residuos voluminosos, mobles, colchóns e outros útiles en desuso deberán xestionarse dalgunha das seguintes formas, de maneira que se lle dea prioridade aos medios de recollida que fomenten a xestión destes residuos mediante a preparación para a reutilización:

- a) Mediante solicitude telefónica do servizo especial de recollida.
- b) Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

As persoas usuarias deste servizo deberán depositar os residuos dos que se trate no lugar e forma que o Concello determine, respectando as datas, horarios e outras condicións que se estableceran.

No caso de que estes residuos non sexan de orixe domiciliaria, o Concello poderá supeditar a recollida á aplicación dalgunha das medidas previstas no artigo 5 (Obrigas dos produtores de residuos) desta ordenanza, sen prexuízo do establecido no artigo 6 (Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**Artigo 24. Recollida de vehículos abandonados**

As persoas titulares dun vehículo e queiran desprenderse del quedan obrigadas a entregalo a un centro autorizado (CAT) para o seu tratamento, ben directamente ben a través dunha instalación de recepción, segundo o establecido no artigo 5.1. do Real decreto 20/2017 sobre vehículos ao final da súa vida útil.

Queda absolutamente prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública ou nos espazos públicos e será responsabilidade da persoa propietaria, posuidora ou titular a adecuada xestión destes de acordo co disposto na normativa aplicable.

Para efectos do establecido nesta ordenanza suporase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, nos seguintes casos:

- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus medios ou falten as placas de matriculación ou estas sexan ilegais.
- b) Cando se encontren en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
- c) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora deixado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autorización competente.

No caso dun vehículo, considerado abandonado, que permita identificar a persoa titular, requiriráselle que, no prazo de 15 días, retire o vehículo coa advertencia de que, transcorrido o dito prazo, se procederá á súa xestión como vehículo abandonado e se lle esixirá o pago dos custos inherentes á recollida, entrega e xestión no CAT; con independencia das sancións que, no seu caso, se puidesen impoñer de acordo con esta ordenanza.

No caso de que non se poida identificar o titular dun vehículo, considerado abandonado, tras o procedemento correspondente, procederase á súa recollida e entrega a un CAT para a súa descontaminación e tratamento, con previa publicación onde corresponda.

**Artigo 25. Recollida separada dos residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar)**

Os residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar) depositaranse nalgún dos seguintes puntos para a súa valorización:

- a) Nos contedores sinalados para tal fin, colocados na vía pública e postos pola entidade local ou polas empresas privadas que fosen autorizadas por esta.
- b) Nos locais de entidades públicas ou privadas sempre que foran previamente autorizadas polo Concello para tal recollida, sen prexuízo do resto de esixencias requiridas na Lei 7/2022, LRSCEC, con relación á recollida e tratamento dos residuos.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**Artigo 26. Residuos de orixe doméstica con características perigosas**

Os residuos de orixe doméstica que teñan características perigosas deberán xestionarse dalgunha das seguintes formas:

- a) Mediante solicitude telefónica do servizo especial de recollida.
- b) Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.
- c) Outros medios ou instalacións expresamente habilitadas ou autorizadas polo Concello.

O Concello poderá obrigar a persoa produtora ou posuidora de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión a que adopte medidas para eliminar ou reducir as ditas características ou a que os depositen na forma e lugar axeitados.

**Artigo 27. Recollida separada en eventos públicos**

Na organización de eventos públicos de carácter puntual será obrigatorio elaborar un plan para prever a xeración de residuos e adecuar a súa correcta xestión durante o evento. Este plan, como mínimo, deberá incluír: número, tipo e localización dos contedores dispostos ou sistemas equivalentes necesarios, valorando a cantidade de persoas que se prevea que vaian asistir e a cantidade de residuos esperables de cada fluxo e tendo en conta as fraccións de recollida separada obrigatorias.

O Concello esixirá esta obriga no outorgamento das licenzas ou permisos ou outros instrumentos de intervención administrativa municipal que resulten esixibles para poder realizar estes eventos.

**CAPITULO 4. PUNTOS LIMPOS DE PROXIMIDADE****Artigo 28. Residuos admisibles nos puntos limpos**

O Concello dispón de puntos limpos de proximidade, e informará, a través da súa páxina web, taboleiro de anuncios, folletos informativos ou calquera outro medio que considere axeitado, sobre os residuos que se recollen mediante estes servizos; e indicará, se é o caso, as características específicas de admisión, así como os horarios e localizacións segundo o calendario previsto para os puntos limpos móbiles.

**Artigo 29. Persoas usuarias dos puntos limpos**

As persoas usuarias dos puntos limpos de proximidade serán aquelas que depositen residuos procedentes das vivendas situadas no termo municipal de Salceda de Caselas. As achegas de residuos deberán ser separadas por fraccións polas persoas usuarias e depositadas nos medios específicos para cada unha delas.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**TÍTULO III : RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR****Artigo 30. Infraccións**

Constitúen unha infracción administrativa os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o contido desta ordenanza. As infraccións serán sancionadas conforme se determina na presente ordenanza, pola Alcaldía, dentro dos límites que a lexislación aplicable autoriza, e sen prexuízo das responsabilidades penais e civís a que puidesen dar lugar no seu caso.

Para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos que incumpran as disposicións desta ordenanza estarase ao disposto na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

As infraccións tipificadas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo co establecido na lexislación de residuos e na de réxime local.

**Artigo 31. Infraccións leves**

Consideraranse infraccións leves, ente outras:

- a) Depositar os residuos sen separar por fraccións ou en contedores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada unha delas ou contravindo o disposto nesta ordenanza.
- b) Incumprir as obrigas de separación en orixe.
- c) Incumprir as obrigas impostas no artigo 5.2 ás persoas produtoras ou posuidoras de residuos comerciais non perigosos.
- d) Incumprir as obrigas impostas no artigo 5.3 ás persoas produtoras ou posuidoras de residuos que non sexan de competencia local.
- e) Incumprir as obrigas recollidas no artigo 6 para as persoas produtoras de residuos comerciais, salvo aquelas que se consideren graves ou moi graves.
- f) Incumprir os horarios de depósito e entrega de residuos.
- g) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios similares.
- h) Manipular contedores ou o seu contido, así como envorcar ou arrincar papeleiras ou outro tipo de contedores ou desprazalos fóra das súas localizacións.
- i) Utilizar os contedores para fins distintos aos previstos nesta ordenanza.
- j) Non reducir o volume dos residuos e depositalos de tal xeito que non se aproveite a capacidade dos contedores.
- k) Desatender as obrigas impostas polo Concello como produtor/a ou posuidor/a de residuos con características que dificulten a súa xestión para que eliminen ou reduzan esas características ou a que as depositen na forma e no lugar axeitados.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

- l) Non recoller as feces dos animais domésticos da vía pública, así como non limpar os ouriños nas zonas sucias por tal motivo.
- m) Cuspir, ouriñar ou defecar na vía pública.
- n) Obstaculizar os contedores situados na vía pública de xeito que se dificulte a súa recollida.
- o) Impedir o acceso das persoas designadas polo Concello para levar a cabo os labores de supervisión na compostaxe individual.
- p) Non xestionar os biorresiduos a través de compostaxe local, tal e como se indica no artigo 14 desta ordenanza.
- q) Calquera outra actuación que contraveña esta ordenanza e non mereza a cualificación de infracción grave ou moi grave.
- r) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas como graves ou moi graves, cando pola súa escasa contía ou entidade, non merezan esta cualificación.

### Artigo 32. Infraccións grave

Consideraranse infraccións graves, entre outras:

- a) O abandono, incluído o de lixo disperso (littering), o vertido e a xestión incontrolada de calquera tipo de residuos non perigosos, sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou que se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente. Inclúese o vertido de residuos sólidos ou líquidos á rede de saneamento. En ningún caso, poderán depositarse residuos na vía pública, incluídas as zonas próximas aos contedores, aínda que estes se atopen cheos ou presenten algún tipo de dano que impidan a súa utilización.
- b) Incinerar residuos, salvo aqueles que teñan a autorización debida polo órgano competente.
- c) A obstrución da actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como non facilitarlle ao Concello a información sobre os residuos xestionados cando esta sexa solicitada, de xeito que se incumpran as obrigas de colaboración previstas no artigo 5.4.
- d) A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos a xestores non autorizados.
- e) A extracción, rebusca ou recollida dos residuos unha vez postos ao dispor dos servizos municipais na forma establecida nesta ordenanza.
- f) Danar gravemente os medios habilitados para a recollida ou xestión de residuos.
- g) A comisión de dúas ou máis infraccións leves nun ano.
- h) A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando pola súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.

### Artigo 33. Infraccións moi graves

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

- a) O abandono, incluído o de lixo disperso (littering), a vertedura na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello, de calquera tipo de residuos municipais cando se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos a xestores non autorizados, así como a aceptación dos devanditos residuos.
- c) Calquera das condutas tipificadas nos apartados c) e e) do artigo anterior como graves, cando como consecuencia delas se producira:
  - Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non cubertas nas infraccións tipificadas na Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
  - Impedimento do uso do servizo de recollida ou doutro servizo público, por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
  - Impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo de recollida ou doutro servizo público.
- d) Todas aquelas infraccións que supoñan un perigo grave para a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioración grave para o medio ambiente, ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.
- e) A comisión de dúas ou máis infraccións graves nun ano.

### Artigo 34. Sancións

As infraccións tipificadas nos artigos 31, 32 e 33 darán lugar á imposición das seguintes sancións:

1. No caso de infraccións leves, cando se trate de infraccións tipificadas no artigo 31: multa de ata 2.000 euros; de tratarse de residuos perigosos ou solos contaminados esta será de ata 20.000 euros.
2. No caso de infraccións graves, cando se trate de infraccións tipificadas no artigo 32: multa desde 2.001 euros ata 100.000 euros; excepto se se trata de residuos perigosos ou solos contaminados, que neste caso a multa será desde 20.001 euros ata 600.000 euros.
3. No caso de infraccións moi graves, cando se trate das infraccións tipificadas no artigo 33: multa desde 100.001 euros ata 3.500.000 euros, excepto se se trata de residuos perigosos ou solos contaminados, que neste caso a multa será desde 600.001 euros ata 3.500.000 euros.
4. Cando así estea previsto na lexislación que resulte de aplicación, poderanse substituír todas ou algunha das sancións económicas especificadas nos apartados anteriores por



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

traballos en beneficio da comunidade (como traballos de limpeza de espazos públicos), a asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña a finalidade de sensibilizar a persoa infractora sobre cales son as normas de conduta no espazo urbano.

### **Artigo 35. Obriga de repoñer e multas coercitivas**

Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, a persoa infractora deberá reparar o dano causado e repoñer a situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización dos danos e perdas causados.

Se a persoa infractora non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado ou persistise na conduta que deu lugar á infracción, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas.

### **Artigo 36. Prescrición de infraccións e sancións**

As infraccións prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións leves, aos seis meses.
- b) As infraccións graves, aos dous anos.
- c) As infraccións moi graves, aos tres anos.

As sancións impostas prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As impostas por infraccións leves, ao ano.
- b) As impostas por infraccións graves, aos dous anos.
- c) As impostas por infraccións moi graves, aos tres anos.

## **TÍTULO IV: COLABORACIÓN EN MATERIA DE MENORES E COMPETENCIA E PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

### **Artigo 37. Colaboración na execución de medidas xudiciais en materia de menores e recollida de residuos**

O Concello de Salceda de Caselas promoverá a firma de acordos de colaboración coas entidades públicas competentes en materia de menores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os acordos de colaboración aos que fai referencia o apartado anterior terán por obxecto facilitar a execución das medidas xudiciais de reforma impostas polos xulgados de menores consistentes en traballos en beneficio da comunidade, de acordo co Real decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei reguladora da responsabilidade penal dos menores, facilitando que estes poidan realizar como prestacións en beneficio da comunidade labores de limpeza e de recollida de residuos, sempre que estean relacionadas coa natureza do ben xurídico lesionado polo feito cometido por aqueles.



Mércores, 4 de marzo de 2026

Núm. 43

**Artigo 38. Competencia e procedemento sancionador**

Corresponde á Alcaldía a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída para tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos .

A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades de acordo a esta ordenanza levaranse cabo de conformidade ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normativa que lle sexa de aplicación.

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMERA. Habilitación de desENVOLVIMENTO**

A Alcaldía, no exercicio das súas competencias, poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos desta ordenanza sen prexuízo de que se lles atribúan estas competencias a outros órganos de goberno, de acordo coa normativa sobre réxime local.

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor**

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

